



MODIFICACION DA DESIGNACIÓN DO XURADO DA DÉCIMA CONVOCATORIA DO PREMIO AGADER ÁS INICIATIVAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL

O 14 de decembro de 2018 o director xeral de Agader aprobou as bases reguladoras dos premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural e convocou para o ano 2019 a décima edición dos premios (DOG nº31 do 13 de febreiro de 2019)

O artigo 11 das ditas bases reguladoras establece que para a concesión dos premios constituirase un xurado, que será designado para o efecto por resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Agader, no prazo máximo dun mes contado desde que se publique a convocatoria no DOG.

O 21 de febreiro de 2019 o director xeral de Agader resolveu designar o xurado da décima convocatoria do premio Agader. Nesta resolución figura, por erro, María Mellid López como xerente do GDR Ulla, Tambre, Mandeo, cando a xerencia dese GDR lle corresponde a María José Fernández Varela. Por esta razón, debe modificarse a resolución pola que se designa o Xurado. En consecuencia,

RESOLVO

Modificar a resolución do 21 de febreiro de 2019 pola que se designa o xurado da décima convocatoria dos premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural, de xeito que figure María José Fernández Varela como xerente do GDR Ulla, Tambre, Mandeo.

Santiago de Compostela
O director xeral da Agader
(asinado electronicamente)
Miguel Ángel Pérez Dubois

